

## III EDICIÓN DE AGAPI IMPULSA COPROS UN PROGRAMA DE ASESORÍA PERSONALIZADA DE PROXETOS DE COPRODUCCIÓN PARA CINEMA E TELEVISIÓN

*Convocatoria aberta ata o 6 de outubro de  
2024*

AGAPI (Asociación Galega de Produtoras Independentes) presenta, co fin de seguir apostando polo impulso do audiovisual, a III Edición de AGAPI IMPULSA COPROS, un programa gratuito de asesoría personalizada de proxectos de produción e coprodución para cinema e televisión que ten como obxectivo melloralos e orientalos no seu financiamento.


Este programa está dirixido a creadores e creadoras menores de 30 anos. O propósito desta asesoría é facilitar e acompañar no desenvolvemento de proxectos de produción e coprodución coa experiencia que aportarán empresas produtoras independentes de recoñecida traxectoria.

En cada edición, un comité de selección formado por tres persoas relacionadas coa produción executiva e con experiencia na coprodución, seleccionará 5 proxectos, que durante 3 meses serán asesorados de forma personalizada por unha mentora ou un mentor con dilatada traxectoria empresarial e profesional proposto por AGAPI.

As titorías de mentoría AGAPI IMPULSA COPROS terán lugar desde outubro de 2024 ata xaneiro de 2025.

*AGAPI IMPULSA COPROS conta co financiamento do AGADIC a través da liña de subvencións para laboratorios, incubadoras e residencias de creación ou desenvolvemento de proxectos audiovisuais, e se convocan para o ano 2024.*





## BASES 'III AGAPI IMPULSA COPROS'

### OBXECTIVOS

- Proporcionar aos creadores e ás creadoras un achegamento real á industria.
- Lograr un impacto de resultados positivos nos proxectos que reciban asesoramento no programa.
- Conseguir unha mellora na calidade dos proxectos de coprodución.
- Aumentar a capacidade de traballo colaborativo e en rede.
- Preparar o proxecto para a participación nos mercados de coprodución.
- Preparar ás persoas creadoras para defender o seu proxecto ante produtores, distribuidores e axentes de vendas.

### PARTICIPACIÓN

- O programa III AGAPI IMPULSA COPROS vai dirixido a creadores e creadoras menores de 30 anos, cun perfil de estudos relacionados co sector audiovisual (Grao de Comunicación Audiovisual ou estudos afíns) e que contén cun proxecto de cinema ou televisión con posibilidades de ser producido ou coproducido.
- Os/as aspirantes presentarán un proxecto orixinal de longametraxes ou serie, de ficción, animación ou documental, en galego ou castelán.
- Só se admitirá un proxecto por participante.
- Se o proxecto conta xa cunha produtora, a empresa produtora poderá sumarse á formación, sen importar a idade.


### PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación vai desde o 12 de setembro ata o 6 de outubro de 2024 ás 13:59 (hora peninsular). Para candidatarase será necesario cubrir o formulario correspondente que o podedes atopar aquí: [ligazón](#).

### DOCUMENTACIÓN

1. Formulario de inscrición. Preme aquí para acceder ao formulario.
2. Dossier do proxecto (máximo 10 páxinas) que inclúa información do tipo de proxecto, sinopse, referencias, intencións, currículo do autor ou autora.
3. Fotografía da persoa candidata.





## COMITÉ DE SELECCIÓN

Estará formado por tres persoas de dilatada experiencia na produción audiovisual. Os proxectos seleccionados notificaranse directamente aos seus autores e/ou autoras e publicaranse na web de AGAPI.

Os proxectos presentados serán propiedade dos seus autores e/ou autoras, sendo estes os responsables de calquera reclamación que se poida producir sobre a propiedade intelectual dos mesmos e deixando a AGAPI exenta de calquera responsabilidade ao respecto.

## MECÁNICA

### <01>

Un comité de selección formado por tres persoas relacionadas coa produción executiva con experiencia en coprodución seleccionará un total de 5 proxectos.


### <02>

Cada proxecto seleccionado contará cun mentor ou mentora (produtor ou produtora executiva con dilatada traxectoria) que asumirá durante tres meses a misión de asesorar o desenvolvemento do proxecto. Buscarase o perfil de produtora máis adecuada a cada tipo de proxecto.

### <03>

As persoas aspirantes deben ser menores de 30 anos, viviren Galicia e presentarán un proxecto orixinal de cine ou de televisión, en galego.

Se ese proxecto xa conta con produtora, esta poderá asistir tamén á formación proposta puidendo esta superar o límite de idade.



## *PARTICULARIDADES*

Poderán presentarse proxectos de: longametraxes de ficción, animación ou documental para cine ou televisión; e series de ficción, animación ou documental para televisión.

Cada proxecto seleccionado contará co apoio dun produtor ou produtora executiva que ofrecerá unhas titorías personalizadas durante os meses de outubro, novembro, decembro e xaneiro. As sesións terán unha dinámica de traballo progresiva. Cada 15 días terá lugar unha sesión de temática específica na que se impulsará e acompañará ao proxecto en temas como: orzamento, plan de financiamento, plan de rodaxe, guiión, dossier e pitching.

## *COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN*

A participación na terceira edición do programa AGAPI IMPULSA COPROS supón a aceptación íntegra destas bases, asumindo a totalidade dos compromisos descritos nas mesmas.

No caso de levar adiante o proxecto, haberá que incluír nos títulos de crédito o seguinte texto: *“Proxecto desenvolvido ao abeiro do programa Agapi Impulsa Copros”*.